

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 10 de novembro de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, convocado pola Resolución do 17 de xuño de 2015.

A base oitava da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 17 de xuño de 2015 (DOG nº 121, do 30 de xuño), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal sanitario, diplomado e técnico, do Servizo Galego de Saúde, dispón que realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/polas aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, o anuncio da súa exposición con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nas distintas epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso.

De conformidade coa antedita base, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), as puntuacións provisionais da fase de concurso obtidas polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso nas categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en hixiene bucodental, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a superior en radioterapia, técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e técnico/a en farmacia, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 17 de xuño de 2015 (DOG nº 121, do 30 de xuño).

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas partes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 17 de xuño de 2015, contra os resultados da baremación provisional os/as aspirantes poderán presentar recla-



mación ante o tribunal de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para os efectos de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas da fase de concurso, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2016

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

